
PLAN DE ORIENTACIÓN

2020-21

Introdución

Xustificación baseada no contexto

Obxectivos

Planificación xeral. Accións prioritarias

Estratexias de intervención

Criterios de avaliación

Programacións de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Anexo: PAT

1.- Introducción

O actual sistema educativo considera a orientación educativa e profesional como un elemento básico para axudar aos alumnos e alumnas no seu desenvolvemento integral como persoas e para facilitarlle a toma responsable de decisións sobre o seu camiño formativo e o seu futuro laboral.

A orientación educativa e profesional consiste nos apoios que, de forma sistemática e organizada, recibe a comunidade educativa durante o proceso educativo de todo os alumnos e alumnas desde o seu inicio na educación infantil ata o remate dos estudos non universitarios.

A orientación educativa e profesional é fundamental para o desenvolvemento adecuado do proceso educativo do alumnado e para aprender a transitar cara ó mundo laboral. Isto último consiste en traballar cos alumnos e alumnas axudándolles a acadar a maior concordancia posible entre os seus intereses, capacidades e expectativas, e as características e saídas profesionais dos distintos itinerarios formativos que ofrece o sistema educativo.

A orientación educativa e profesional deberá desenvolverse nos tres niveis que estrutura a organización escolar:

- Na aula: acción tutorial
- No centro: departamento de orientación
- Sector escolar: equipos de orientación específicos.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida polo equipo docente, coordinada polo titor, supervisada pola xefatura de estudos e asistida polo orientador e máis polos servizos externos de apoio.

É, pois, unha tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores e apoiada polo departamento de orientación.

A orientación, polo tanto, deberá realizarse como unha parte integrante do proceso educativo e formativo dos alumnos e alumnas que posibilite na maior medida a súa autorrealización, xuntando, por unha banda, as capacidades, actitudes, intereses e valores da persoa e, por outra, as esixencias derivadas das opcións que ofrece o mundo laboral

Orientar é educar para a vida e educar na capacidade para tomar decisións.

Educar para a vida: as aprendizaxes que realizan os alumnos deben ser funcionais, estar en conexión co seu medio e gardar relación co futuro que lles espera.

Educar na capacidade para tomar decisións: asesorando ós alumnos sobre os diferentes itinerarios e opcións, facilitándolle o coñecemento de si mesmos e capacitándoos para a aprendizaxe.

Esta concepción da orientación está sustentada e fundamentada en tres principios:

- *Prevención:* orientación como un dereito de todo educando en todo momento e non unicamente cando aparece unha problemática específica.
- *Desenvolvemento:* os alumnos na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e mais a súa personalidade. Trátase de buscar un contexto motivador que estimule eses cambios.

- *Intervención social:* a intervención orientadora non debe ter en conta só o individuo, senón que debe dirixirse ó contexto educativo e social no que se desenvolve.

1.1 Como orientar a todo o alumnado do centro?

Non tódolos alumnos necesitan ser atendidos directamente polo orientador senón que esta atención conséguese a través do plan de acción tutorial (PAT). É dicir, o profesorado titor é o responsable de levar a cabo este plan proposto polo departamento de orientación, mentres que ó orientador correspóndelle coordinalo, realizar o seu seguimento, e facilitar materiais de apoio para traballar na hora semanal de tutoría.

O orientador intervén directamente co alumnado sempre que sexa necesario e, especialmente, cando se deben valorar aspectos psicopedagóxicos para deseñar e darlle a un alumno determinado unha atención máis individualizada, como no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) ao que lle debe facer unha avaliación psicopedagóxica se non se lle fixo no centro de educación primaria para decidir as medidas de adaptación curricular que precisa.

Tamén o orientador valorará aspectos psicopedagóxicos daqueles alumnos de 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO que son propostos polo equipo de profesores do seu grupo para seguir un Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) ou para incorporarse á FP básica.

1.2 Destinatarios

A orientación educativa e profesional vai dirixida a toda a comunidade educativa:

- *Aos alumnos e alumnas*, no seu proceso educativo, para melloralo ou para axudarlles a superar dificultades, e desenvolvan adecuadamente tódalas capacidades (relacionarse cos demais e co seu entorno, coñecerse a si mesmos, ser autónomo para aprender...) e que, ademais, reciban unha formación que lles permita tomar decisións á hora de establece-lo seu propio itinerario formativo dentro das diferentes opcións.
- *Ao profesorado*, para prestarlle apoio e asesoramento nas funcións de orientación que ten que desenvolver, sobre todo mediante a acción tutorial, e noutras posibles necesidades e demandas puntuais.
- *Ás familias*, que teñen o dereito de recibir información e orientación para colaborar no proceso educativo dos seus fillos e fillas, non só en aspectos escolares puntuais, senón tamén para o seu desenvolvemento persoal e sobre o futuro que máis convén conforme ás súas capacidades, intereses e motivacións.

1.3 Marco legal

Decreto 324/1996 pola que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na C. A. de Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional nesta Comunidade Autónoma.

Polo que se refire á *Lei Orgánica de Educación (LOE)*, dicir que a súa implantación definitiva culminou nas ensinanzas de réxime xeral. Con referencia á Formación Profesional, indicar que mentres non se produza a implantación xeneralizada dos novos títulos de FP seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo.

A Lei 2/2011 de economía sustentable introduce modificacións na LOE e na Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e da formación profesional que afecta a organización dos PCPI e as posibilidades de acceder aos ciclos formativos de FP e, que se desenvolve coa Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na C.A. de Galicia.

Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regula os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción no bacharelato.

Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (no que non se opoña ao Decreto 86/2015).

Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urgentes para a ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. (BOE 10/12/2016).

RESOLUCIÓN de 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21.

2.- Xustificación baseada no contexto

A situación de excepcionalidade producida polo COVID-19, no curso pasado coa suspensión das clases presenciais e a posibilidade de que esta pandemia se volva a repetir no curso actual, fai que dende o centro teña elaborado un protocolo co obxecto de crear contornas saudables e seguras para o alumnado, familias, persoal docente e non docente. Dende o Departamento de Orientación témolo moi presente para dar resposta aos diferentes ámbitos de actuación, aos seus destinatarios e, en especial á atención á diversidade.

Este centro educativo oferta ensinanzas de ESO, Bacharelato, Ciclo Medio de Formación Profesional Específica, FP básica e Educación de Adultos. Cóntase cunha matrícula elevada, en torno aos 900 alumnos, atendidos por unha plantilla de 86 profesores, a maioría deles con destino definitivo no centro.

- E.S.O.: O número total de alumnos matriculados nesta etapa é de 337, distribuídos en catro grupos para cada un dos catro niveis educativos.
Realízanse agrupamentos flexibles nos grupos de 2º ESO A, 2º ESO B, 3º ESO A, 3º ESO B, 4º ESO A e 4º ESO B.
Hai unha oferta ampla de idiomas (inglés, francés, alemán e portugués) e de optatividade.
O Centro ten autorizada unha Sección Europea con ensino bilingüe español-francés e que funciona como grupo independente en 3º e 4º ESO e unha sesión bilingüe de portugués en 3º ESO.
- Bacharelato: Dispoñemos de c grupos de alumnos para cada un dos niveis desta etapa, cun total de 295 alumnos. Impártense dúas modalidades de bacharelato, que non definen totalmente os agrupamentos do alumnado, xa que as materias propias de modalidade e as optativas ofértanse seguindo o sistema de bloques. As modalidades ofertadas son:
 - Ciencias e Tecnoloxía
 - Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclos Formativos de Grao Medio: Ofértase un único ciclo de “CM Video-Diskjockey e Son” pertencente á familia de Comunicación, Imaxe e Son, nas dúas modalidades de educación ordinaria e educación de adultos, en distinta quenda e cun total de 96 alumnos matriculados.
- FP básica 1º e 2º de Informática de oficina con 22 alumnos e alumnas.
- Educación de Adultos: Impártese nesta modalidade o nivel II de Educación Secundaria de Adultos, en dous cuatrimestres e o Bacharelato de Adultos e o nivel 1 e nivel 2 de Educación Básica Inicial.

A ampla oferta educativa e a súa boa situación xeográfica fai que este centro estea funcionando con un amplo horario diario e cunha grande asistencia de alumnado. A maiores da oferta educativa realízanse nel actividades formativas dirixidas ao profesorado e a outros sectores profesionais.

Para realizar un plan de orientación contextualizado tomaranse como base os diferentes documentos do centro: PXA, PCC, así como o plan de orientación e a memoria final do departamento de orientación do curso pasado.

Tendo en conta todo o anterior, así como das liñas prioritarias de actuacións establecidas na *Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia*, elabórase o plan de orientación para este curso académico 2019-2020.

3.- Obxectivos xerais:

- a) Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de tutoría e orientación que os profesores levan a cabo no Centro cos seus respectivos grupos de alumnos.
- b) Contribuír a favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional no alumnado
- c) Facilitar a integración e apoio necesario para o alumnado con NEAE.
- d) Prever as dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- e) Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- f) Contribuír e favorecer unha relación axeitada entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- g) Potenciar a colaboración con outros D.O. da zona educativa, co E.O.E., e con outros servizos educativos, sanitarios e asistenciais que se considere oportuno.

Tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o próximo curso 2020/2021, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e o seu profesorado. Un obxectivo a destacar será reforzar as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, Plan de acción tutorial, concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade e na PXA.

3.1 Obxectivos específicos:

A) Co Centro:

1. Participar na revisión e nas posibles propostas de mellora, cando cumpra, dos diferentes documentos de planificación e xestión do centro especialmente nos aspectos de promoción da tolerancia e de medidas de atención á diversidade.

2. Asesorar ao Equipo Directivo sobre criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios e agrupamentos de alumnos que favorezan a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e á diversidade.
3. Participar na elaboración e posta en marcha de medidas organizativas de atención á diversidade.
4. Colaborar coa posta en marcha do Plan de Convivencia e Plan de Igualdade.

B) Co profesorado:

1. Coordinar o traballo de titorías, xunto coa xefatura de estudos, e asesorar ao profesorado no desempeño da función tutorial.
2. Proporcionaran asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa practica educativa telemática na atención a diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación a situación do momento, destacando coa presenza da pandemia.
3. Facilitar información do alumnado con NEAE.
4. Seguimento do plan de acción tutorial (PAT) e avaliación do mesmo a través das actividades que se leven a cabo nas titorías, así como das posibles modificacións.
5. Asesoramento ao profesorado que o demande.

C) Co alumnado:

1. Potenciar a orientación académica e profesional descubriendo e desenvolvendo as súas potencialidades para favorecer o proceso de toma de decisións.
2. Favorecer e propoñer actividades para traballar as competencias emocionais, destacando este período de tempo coa presenza do COVID-19.
3. Proporcionarlle asesoramento e apoio puntual e individual segundo as demandas e necesidades: grupos de apoio, reforzos, adaptacións curriculares,...
4. Axudar aos alumnos e alumnas nos momentos de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de ciclos, elección de distintas materias optativas, elección entre diversos itinerarios ...
5. A través do PAT, colaboración no seu desenvolvemento e seguimento do mesmo.
6. Elaborar un programa básico de habilidades sociais que contemple actuacións para o desenvolvemento cognitivo, o autoconcepto e a mellora da autoestima.
7. Prestar a axuda individualizada na adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo, de acordo coas características singulares da súa situación persoal.
8. Informar ao alumnado da aplicación da normativa LOMCE e en especial ao de 4º ESO e 2º bacharelato.

D) Coas familias:

1. Cooperar na relación titores - pais na solución de problemas que afecten aos seus fillos.
2. Coordinar a atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do seu benestar e na atención as familias.
3. Propoñer, en colaboración co profesorado tutor e cos servizos existentes no contorno, estratexias e ámbitos de colaboración ao profesorado e ás familias do alumnado con condutas disruptivas para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do seu proceso educativo e facer o seguimento da afectividade das accións propostas.
4. Prestar atención individual cando haxa demandas.

5. Facilitarlles información e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
6. Darlles información ao alumnado de FP básica de como conseguir o título de ESO.
7. Proporcionar recursos e información a través do Blog do departamento de orientación.
9. Informarlles da aplicación da normativa LOMCE e en especial ao de 4º ESO e 2º bacharelato.

E) Con outros organismos:

1. Contacto con outros servizos: UMAD (Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes), Centro Quérote, Colectivo XENEME, Departamento de Educación do Concello de Santiago, Consello da Xuventude de Galicia e outros organismos con incidencia no ámbito educativo.
2. Colaboración co EOE.
3. Contacto e colaboración con universidades, consellerías, centros de formación e recursos, Inspección Educativa e organismos de emprego.

F) No ámbito da mellora da convivencia no centro:

1. Colaborar na mellora constante do Plan de Convivencia do Centro e Plan De Igualdade.
2. Participar e colaborar na posta en marcha de cibermentores, Equipos A e mediadores.
3. Colaborar cos profesores dinamizadores da convivencia no centro.
4. Potenciar os plans de acollemento no centro.
5. Colaborar no deseño e posta en práctica de medidas de prevención do acoso escolar, a nivel de titorías e de centro.
6. Impulsar a mellora das condicións físicas do centro e do seu contorno, como condicionante da convivencia diaria.
7. Dinamizar e potenciar as xuntas de delegados dos alumnos, de cara a que elaboren propostas de cara a unha mellor convivencia, mediación e resolución pacífica de conflitos, así como suxestións de modificación do regulamento de réxime interno, e de mellora dos espazos e funcionamento do centro.
8. Colaborar cos profesores titores no deseño de estratexias de resolución pacífica de conflitos.
9. Colaborar na formación do profesorado e alumnado na labor da mediación, de cara a crear un futuro equipo de mediadores no centro.
10. Participar e potenciar a formación en centros e /ou grupos de traballo.

4.- Planificación xeral. Accións prioritarias.

4.1 Accións prioritarias:

- Asesorar e colaborar, no ámbito das competencias deste departamento, na actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o PEC, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
- Manter unha coordinación máxima e fluída co Equipo Directivo para asegurar coherencia nos programas, así como nas diferentes actuacións que os desenvolvan.

- Identificar as necesidades do alumnado de nova incorporación: avaliación inicial en 1º de ESO, FP básica e resto de grupos.
- Informar ao equipo directivo, profesorado, alumnado e familias dos programas de mellora de aprendizaxe e do rendemento. Poñelos en marcha no curso 2020/21.
- Coordinación e seguimento das medidas de atención á diversidade levadas a cabo polo profesorado e profesoras de PT e/ou AL.
- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Organizar os apoios, se procede, aos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais por parte das profesoras especialistas de apoio.
- Elaborar unha proposta de desenvolvemento do plan de orientación académica e profesional para o alumnado e familias, incluíndo a organización dunhas xornadas. Facer o seguimento e avaliación do mesmo.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación no campo da orientación e asesoramento e para a busca de información polo propio alumno, co obxecto de que adopte decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego.
- Asesorar aos departamentos, equipos docentes e profesorado en xeral das medidas de atención á diversidade: programas específicos personalizados, medidas de reforzo educativo, adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, FP básica.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro no que se refire ás medidas enunciadas anteriormente, de cara a reducir o fracaso escolar.
- Participar e asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica nas medidas de atención á diversidade.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando impliquen o cambio de centro educativo..
- Favorecer a comunicación cos orientadores e profesorado titor de 6º EP dos centros adscritos, para facilitar o tránsito do alumnado entre as dúas etapas educativas.
- Promover actividades e introducir contidos (a través do PAT) que favorezan as habilidades sociais, o estado emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.
- Potenciar, en especial co alumnado de FP básica; as seguintes actividades a) Técnicas de estudo e organización do traballo. b) Resolución de conflitos. c) Fomento da responsabilidade individual e da autoestima. d) Habilidades comunicativas. e) Traballo en grupo. f) Destrezas que permitan programar e xestionar o futuro educativo e profesional.
- Dirixir en colaboración coa xefatura de estudos as sesións de coordinación dos titores de ESO para favorecer o desenvolvemento do PAT.

- Favorecer a coordinación coa titoría do ciclo de FP básica.
- Coordinación cos departamentos de orientación dos centros de procedencia do alumnado que se incorpora por vez primeira, ao centro.
- Potenciar a información e recursos do departamento na web do centro, a través do blog.
- Adquirir material para dotar de recursos adecuados ao DO.

4.2 Ámbitos de aplicación:

O Departamento de Orientación centra a súa intervención en tres ámbitos: apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe, o plan de acción titorial e a orientación académica e profesional.

A) APOIO NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

O Departamento de Orientación colabora co profesorado na atención á diversidade, asesorando e elaborando propostas de mellora para facilitar os procesos de ensino-aprendizaxe. Así, as medidas de apoio poden ser curriculares ou organizativas.

Medidas curriculares:

- de apoio ordinarias:

Seguimento de alumnos, programas de reforzo nas áreas instrumentais (en 1º e 2º ESO), programas de recuperación (2º ESO), programas específicos personalizados (en toda etapa de ESO), colaboración na avaliación, exención 2º idioma.

Seguimento do alumnado de FP básica.

Revisión e/ou modificacións das medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado con dificultade de aprendizaxe.

- de apoio extraordinarias:

Agrupamentos flexibles.

Fragmentación do currículo.

Adaptacións curriculares (AC), apoio ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico,

PMAR.

Outras:

Entrevistas individuais con alumnos e pais, reunións (titores, xefatura de estudos, pais, servizos municipais,...), avaliación psicopedagóxica.

Así mesmo as profesoras especialistas de apoio de PT e/ou AL realizarán apoios aos alumnos e alumnas que o precisen desenvolvendo programas básicos de comprensión lectora, cálculo, razoamento lóxico, atención, integración no grupo aula, autoestima, autonomía, ... Todo isto sempre en coordinación cos diferentes profesores de área. Tamén, se procede, colaborarán na elaboración, seguimento e avaliación de AC.

A.1 Obxectivos:

- Colaborar co profesorado na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe e na planificación e realización de tarefas ou actividades dirixidas á súa solución.
- Establecer os criterios, procedementos e condicións para o alumnado que poida ser obxecto de algunha das medidas de atención á diversidade.

- Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Buscar a cooperación entre todos os responsables do proceso de aprendizaxe do alumnado para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas.
- Colaborar, cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
- Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.

A.2 Actuacións:

- Colaborar na planificación das actividades de apoio establecendo criterios organizativos sobre horarios, agrupamentos que favorezan a aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Proponer e elaborar unha proposta á CCP para establecer os criterios, procedementos e condicións para o alumnado que poida ser obxecto de algunha das medidas de atención á diversidade
- Colaborar e asesorar na realización de AC.
- Colaborar cos equipos docentes e Departamentos Didácticos na planificación e seguimento das medidas de reforzo e adaptacións curriculares para os alumnos que o precisen.
- Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos que presenten importantes problemas de aprendizaxe e para decidir as medidas de adaptación curricular que necesitan.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno ou alumna.
- Manter entrevistas e encontros cos profesores, alumnos e pais co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisas par dar respostas ás necesidades do alumnado.
- Proporcionar asesoramento e apoio ao alumnado e familias ante posibles circunstancias de índole actitudinal, emocional, motivacional, social,... que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Colaborar cos equipos docentes de cada grupo-clase no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

A.3 Seguimento e avaliación:

A través das diferentes reunións cos profesores e das sesións de avaliación farase o seguimento e maila avaliación das actividades propostas.

B) PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O departamento de orientación tratará de desenvolver o Plan de Acción Titorial facendo propostas de actividades e dinámicas para as distintas clases, así como asesorando e apoiando con diversos materiais ós titores, alumnos e pais.

O PAT será o referente dos titores para a súa actuación, así como o referente do departamento de orientación para a proposta de actividades e dinámicas.

O remate do curso realizarase unha avaliación, terase en conta as respostas dos alumnos, e a valoración dos titores, profesores e xefatura de estudos e, se procede, faranse as oportunas modificacións de cara o próximo curso.

C) ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A orientación académica e profesional ten por obxecto axudar ó alumnado ó longo da Educación Secundaria a coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre as súas preferencias, intereses e capacidades académico-profesionais, para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, que se deberá concretar nun plan ou proxecto concreto.

O proceso de toma de decisións ha de ser realizado polo propio alumno. O resto dos membros da comunidade educativa (pais, titor, profesores, orientador) teñen a responsabilidade de proporcionarlle a orientación e información precisa para levala a cabo.

As actuacións englobadas neste ámbito realizaranse a través do titor na hora de titoría, a través das distintas áreas e materias optativas e polo Departamento de Orientación en actividades específicas (charlas, conferencias, xornadas, visitas, atención individual).

As fases que comprende o programa de orientación académica-profesional son:

a) *Fase de información. Investigación*

Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, do sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de busca, selección, tratamento e transmisión da información.

b) *Fase de reflexión*

Pretende promover a reflexión sobre o equilibrio entre a realidade persoal do alumno, as opcións e posibilidades que se lle presentan.

c) *Fase de toma de decisións*

Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais.

C.1 Obxectivos

- Axudar ao alumnado no coñecemento de si mesmo.
- Proporcionarlles información aos alumnos e alumnas sobre os itinerarios académicos e sobre a situación actual e as tendencias no mundo laboral.
- Desenvolver a reflexión e capacidade crítica para facilita-la toma de decisións.
- Implicar aos profesores e aos pais no proceso de toma de decisións dos alumnos.
- Coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ó longo da súa estancia no centro.

C.2 Actividades:

En xeral, as principais actividades a realizar irán encamiñadas a:

- Facilitarlle ó alumno o coñecemento e análise da estrutura do sistema educativo, requisitos, axudas,...
- Proporcionarlle información acerca das materias optativas da ESO, modalidades de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

- Favorecer o autoconhecimento no alumnado (dos intereses, aptitudes, motivacións, habilidades, personalidade, situación socio-familiar,...)
- Informar ás familias e ao alumnado proposto para a FP básica, das características e obxectivos da mesma.
- Facilitar o coñecemento do mundo laboral.
- Facilitar o proceso de inserción ao mundo laboral.
- Concienciar ao alumnado da importancia das alternativas ou posibilidades de futuro en función dos resultados académicos actuais.

As actividades propostas serían:

1º e 2º curso da ESO

- Coñecemento da etapa e dos compañeiros do grupo.
- Desenvolver as competencias emocionais que favorecen unha mellor adaptación ao contexto e axudan a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito.
- Reforza-la autoestima, o autoconcepto.
- Fomentar hábitos de reflexión grupal e persoal.
- Coñecemento da estrutura do sistema educativo, do curso no que se atopan, das optativas de 3º, dos itinerarios formativos a partir de 2º. e dos criterios para acceder á sección bilingüe de 3º ESO.
- Estratexias e habilidades para a resolución de problemas e de toma de decisión.
- Información aos pais.

3º curso de ESO

Coñecemento de si mesmos (intereses, aptitudes,...).

Desenvolver as competencias emocionais que favorecen unha mellor adaptación ao contexto e axudan a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito.

Coñecemento da estrutura do sistema educativo, do ciclo no que se atopan, das optativas de 4º e dos itinerarios e camiños segundo escollan as optativas.

Estratexias e habilidades para a resolución de problemas e de toma de decisión.

4º curso de ESO

Autoconhecimento da situación persoal.

Desenvolver as competencias emocionais que favorecen unha mellor adaptación ao contexto e axudan a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito.

Traballa-la toma de decisións.

Coñecemento das posibilidades de estudos posteriores.

Visitas guiadas ós diferentes centros, escolas taller, charlas-coloquios (responsable da oficina de información xuvenil, axentes de diferentes organismos, exalumnos).

Informar os pais das opcións e da importancia da decisión dos seus fillos.

Elaboración do consello orientador, para cada alumno, sobre o futuro académico e profesional.

Organización dunhas Xornadas de orientación.

1º de Bacharelato

Coñecemento das características da nova etapa.
Coñecemento da situación persoal.
Identificación de intereses e aptitudes.
Acceso á Universidade. A proba ABAU
Coñecemento das opcións de 2º de bacharelato.
Posibilidades de paso dunha modalidade a outra.
Información ós pais.

2º de Bacharelato

Recepción e busca de información das opcións.
Organización dunhas Xornadas de orientación.
Orientación na elección de carreiras ou profesións segundo as aptitudes ou intereses.
Orientación para o acceso á Universidade: a proba ABAU, opcións dos ciclos formativos de grao superior. Visitas guiadas a outros centros de F.P.E., Universidade,...
Informacións sobre as saídas profesionais e o acceso ó mundo laboral.
Utilización das tecnoloxías da información e comunicación no campo da orientación e asesoramento e para a busca de información polo propio alumno, co obxecto de que adopte decisións autónomas e responsables sobre o seu futuro de formación e emprego (aula de informática).
Información aos pais.

Formación Profesional Específica

Información das opcións e alternativas.
Información sobre o mundo laboral. Técnicas de busca de emprego.
Información sobre continuación de estudos, accesos, axudas...

FP básica

Desenvolver as competencias emocionais que favorecen unha mellor adaptación ao contexto e axudan a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito.
Información e orientación que lle garantan ao alumnado unha adecuada toma de decisións sobre o seu itinerario educativo e profesional ao remate do ciclo de formación profesional básica.
Destrezas que permitan programar e xestionar o futuro educativo e profesional.

Adultos

Autocoñecemento da situación persoal.
Traballar a toma de decisións.
Coñecemento das posibilidades de estudos posteriores.
Visitas guiadas aos diferentes centros educativos, charlas-coloquios (responsable da oficina de información xuvenil, axentes de diferentes organismos, exalumnos).
Informar aos pais das opcións e da importancia da decisión dos seus fillos.
Información das características propias destas ensinanzas de adultos.
Información de bolsas e axudas ao estudo.

Oferta educativa ligada a cada nivel.
Información e orientación laboral.
Técnicas de Busca de Emprego.

C.3 Seguimento e avaliación

Durante todo o proceso, e colaborando coa comunidade educativa, levarase a cabo o seguimento e avaliación das actividades, tendo en conta as observacións dos titores, profesores, D.O., as suxestións e dúbidas dos alumnos, as preocupacións dos pais e as observacións e avaliación final.

